

# ID#599

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03

**Informantes:** Calviño (45) e Celestino (40)

**Compiladora:** Dorothe Schubarth

**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Dándoll' as ghracias a todos  
e pensando de volver-e  
outro dominco máis diante  
cheghando con máis locer-e;

Celestino:

Veña usté cando queira  
qu' eu non quedo por cobarde  
que pra darll' un bo romate  
metémonos algo tarde;

Calviño:

Non tuvemos nó-la culpa  
aténdem' esta razón  
qu' os que tiveron a culpa  
nació na orghanización-he;

Celestino:

A culpa sei ben eu dela  
qu' eu non me estraño por esto  
que a tov' o porfeso-e  
despoi-lo de Corcoesto;

Calviño:

O profesor non a tuvo  
qu' é un maestro moi listo  
quen tuvo a culpa da historia  
fui no señor Don Francisco;

Celestino:

[Eu tamén] e digho agora  
e falo de boa ghana  
qu' a culpa fui todo d' el  
o enganar á paisana;

Calviño:

Pois logh' hastra outor día  
non seas maruxandeira  
dall' unha palabra certa  
pra que volva cando queira;

Celestino:

Pois daquela osté volva  
pola sighiente razón  
porqu' eu quedo en Leduzo  
á súa desposición-he;

## ID#599



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Nese caso falas ben,  
vés ben polo meu camiño,  
pois así da mesma forma  
pois dál' a razón Calviño;

Celestino:

Pois daquel' é desa forma  
i a pesar do meu traballo,  
Dios queir' à Virgen do Carme  
que non se engañe por Tallo;

Calviño:

Pois moitas ghracias a todos  
que llas debemos de dar-e  
tuvieron boa pacencia  
aí pois por nos aghuantar-e;

Celestino:

A pacencia que tuvemos  
qu' a ghanancia vai na cría  
todos os que nos atenderon  
en particular a tía;

Calviño:

Miña tía puxo o seu  
trátoa con boa fé  
que puxo o café, anís-e  
e coñá dese que é-ie.